

*IES DE CURTIS*

# **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

*PLAN DE CONVIVENCIA*

**16 de xullo de 2010**

# ÍNDICE

<b>TÍTULO I. DO ALUMNADO</b>	<b>3</b>
Sección 1ª Dereitos do alumnado.....	3
Sección 2ª Deberes do alumnado.....	6
Sección 3ª Delegado/a de curso e xunta de delegados/as.....	7
Sección 4ª Normas e deberes do alumnado.....	10
Artigo 1 Normas referidas ao estudo.....	10
Artigo 2 Normas de convivencia.....	10
Artigo 3 Normas referidas ás dependencias do centro.....	11
Artigo 4 Normas referidas á conservación e limpeza do centro.....	11
Artigo 5 Normas referidas á conservación e orde das aulas.....	11
Artigo 6 Normas referidas a comportamentos agresivos verbais e/ou físicos.....	12
Artigo 7 Normas referidas ao uso de ordenadores e das redes LAN ou Wifi.....	12
Artigo 8 Normas referidas ao uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos.....	12
Sección 5ª FALTAS, SANCIONS E GARANTÍAS PROCEDIMENTAIS.....	12
Artigo 1 Garantías.....	12
Artigo 2 Responsabilidades.....	12
Artigo 3 Gradación.....	13
Artigo 4 Alcance.....	13
Artigo 5 Condutas contrarias ás normas de convivencia.....	13
Artigo 6 .Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	14
Artigo 7 .Sancións ás condutas contrarias ás normas de convivencia no centro.....	14
Artigo 8 Competencias.....	15
Artigo 9 Reclamacións.....	15
Artigo 10 Apertura de expediente.....	15
Artigo 11 Sancións ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.....	16
Artigo 12 Prescripción.....	16
Sección 6ª Faltas de asistencia á clase.....	16
Sección 7ª ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	18
Artigo 1 NORMAS XERAIS.....	19
Artigo 2 NORMAS ESPECÍFICAS PARA ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO.....	20
<b>TÍTULO II. ÓRGANOS EDUCATIVOS ENCARGADOS DE DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA</b>	<b>22</b>
Sección 1ª TITORÍA.....	22
Artigo 1 FUNCIONS DO TITOR.....	22
Artigo 2 TITOR PERSOAL.....	23
Artigo 3 TITOR ESPECIAL.....	23
Sección 2ª AULA DE CONVIVENCIA.....	23
Artigo 1 OBXECTIVOS.....	23
Artigo 2 FUNCIONS.....	23
Artigo 3 FUNCIONAMENTO XERAL.....	23
Sección 3ª ORIENTACIÓN.....	24
Artigo 1 Obradoiros paliativos-preventivos.....	24
Artigo 2 Orientación académico-laboral.....	24
Artigo 3 Programas específicos de atención á diversidade.....	24
Sección 4ª ENCONTROS FAMILIA-ESCOLA.....	25
Sección 5ª AULA DE TRABALLO INDIVIDUALIZADO.....	25
Sección 6ª XEFATURA DE ESTUDOS.....	25
Sección 7ª COMISION DE CONVIVENCIA.....	25

## **TÍTULO I. DO ALUMNADO**

### ***Sección 1ª Dereitos do alumnado***

#### **Artigo 1**

Os alumnos e alumnas teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

#### **Artigo 2**

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso os distintos niveis de ensino, sen ningún tipo de discriminación.

#### **Artigo 3**

A igualdade de oportunidades promoverase mediante a non discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

#### **Artigo 4**

- Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- De maneira especial, coidarase a orientación escolar e profesional dos alumnos e alumnas con discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou con carencias sociais ou culturais.
- A orientación profesional basearase unicamente nas aptitudes e aspiracións dos alumnos e alumnas e excluírá toda diferenciación por razón de sexo.

#### **Artigo 5**

Os alumnos e alumnas teñen dereito a que se respecte a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como á súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións

Este dereito garantirase mediante:

- A exposición pública (taboleiro de anuncios ) do proxecto educativo e sobre o carácter propio do centro.
- O fomento da capacidade e actitude crítica dos alumnos e alumnas que posibilite ós mesmos a realización de opcións de conciencia en liberdade.

#### **Artigo 6**

O ensino basearase na obxectividade e excluírán toda manipulación propagandística ou ideolóxica dos alumnos e alumnas, sen prexuízo do dereito á liberdade de expresión, que se exercerá nos termos previstos no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 7**

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios e degradantes.

## **Artigo 8**

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva coas debidas condicións de seguridade e hixiene.

## **Artigo 9**

Gardarase reserva sobre toda aquela información de que dispoña das circunstancias persoais e familiares do alumnado. Esta información conservarase nas oficinas do centro, baixo a custodia da secretaria, nos expedientes das titorías que custodiarán os mesmos titores e titoras e no departamento de orientación, baixo a responsabilidade da súa xefatura.

Non obstante, o centro comunicará á autoridade competente as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumno ou alumna ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección de menores.

## **Artigo 10**

Os alumnos e alumnas teñen dereito a participar con carácter voluntario nas actividades extraescolares organizadas polo centro.

## **Artigo 11**

O alumnado ten dereito a asociarse creando asociacións de alumnos e alumnas.

## **Artigo 12**

O alumnado poderá reunirse no centro, para actividades de carácter escolar e extraescolar, así como para aquelas outras que teñan relación co proxecto educativo do centro ou poida atribuírselles unha finalidade educativa ou formativa, sempre que non alteren o funcionamento normal da docencia, e previa solicitude e autorización do Director.

## **Artigo 13**

O alumnado ten dereito a ser informado pola xunta de delegados e polos representantes das asociacións de alumnos e alumnas, tanto de cuestións propias do centro como das que afecten a outros centros e o sistema educativo en xeral.

## **Artigo 14**

O alumnado ten dereito a liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

## **Artigo 15**

Os alumnos e alumnas que durante o curso escolar padezan algún infortunio persoal ou familiar terán unha especial consideración por parte do centro para que poidan continuar os seus estudos.

## **Artigo 16**

- Os alumnos e alumnas teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios establecidos nas programacións didácticas dos Departamentos. A aplicación do proceso de avaliación continua do alumnado require a asistencia regular e con aproveitamento ás clases e actividades programadas para as distintas materias que constitúen o plan de estudos.

- Co fin de garantir o dereito anterior, a comezo do curso escolar, a xefatura de departamento elaborara a información relativa a programación didáctica que dará a coñecer o alumnado a través dos profesores e profesoras das distintas áreas asignadas o departamento. Esta información incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva e os criterios de cualificación. Os profesores e profesoras, e, en última instancia, as xefaturas de departamento facilitaran aquelas aclaracións que sobre os mesmos poidan solicitar os alumnos e alumnas, pais, nais ou representantes legais. Na ESO, a titoría dará a coñecer ó alumnado, pais e nais ou representantes legais, a principio de curso, os criterios que se aplicarán para determinar a promoción e titulación.
- O profesorado facilitará o alumnado e ós seus pais, nais e representantes legais as informacións sobre os instrumentos de avaliación utilizados. Cando a avaliación se basee en probas, exercicios ou traballos escritos, o alumnado terá acceso a eles, revisándoos co profesor ou profesora. Os instrumentos da avaliación deberán ser conservados, polo menos, ata tres meses despois de adoptadas as decisións e formuladas as correspondentes cualificacións finais do respectivo curso. Cando un profesor ou profesora se traslade a outro centro deixará en mans da xefatura de departamento ou de estudos a referida documentación.
- No suposto de que, tralas oportunas aclaracións, exista desacordo coa cualificación parcial ou final nunha area ou materia ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para o alumno ou alumna, este ou os seus pais, nais ou representantes legais poderán solicitar por escrito a decisión de revisión de dita cualificación.
- As reclamacións nas avaliacións parciais faranse ante o profesor ou profesora da materia correspondente.
- As reclamacións de avaliacións finais presentaranse nun prazo de dous días a partir da entrega do boletín de cualificacións ante a xefatura de estudos do centro, a cal a someterá ao departamento correspondente que poderá ratificar ou rectificar a cualificación. No segundo caso a xefatura de estudos do centro ordenará formalmente a rectificación e comunicará ao alumno ou alumna, pai ou nai deste. Na ESO, en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral, a xefatura de estudos e a titoría, como coordinador do proceso de avaliación do alumno ou alumna, considerarán a procedencia de reunir en sesión extraordinaria a xunta de avaliación, a fin de que esta, en función dos novos datos achegados, valore a necesidade de revisar os acordos e decisións adoptadas para dito alumno ou alumna. No caso de ratificación e que o alumno ou alumna o manifeste expresamente a dirección remitirá o expediente á Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria que remitirá a resolución procedente. Contra esta resolución seguirase a vía administrativa. Informarase à titoría.
- As reclamacións a cualificacións que se formulen poderán basearse en:
  1. Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se fixo o proceso de aprendizaxe do alumnado os recollidos na correspondente programación didáctica
  2. Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica
  3. Incorrecta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia.

- As reclamacións referidas a decisións de promoción ou titulación na ESO necesitarán a celebración dunha reunión extraordinaria da xunta da avaliación, no prazo máximo de dous días lectivos desde a finalización do período de solicitude de revisión. Nesta reunión o conxunto de profesores revisará o proceso de adopción de dita medida a vista das alegacións realizadas. O titor ou titora levantará acta de dita reunión e o xefe ou xefa de estudos comunicará por escrito ó alumno ou alumna, pai, nai ou representante legal a decisión de ratificación ou modificación, razoada, da decisión de promoción ou titulación, o cal poñerá fin ao proceso de reclamación.

## **Artigo 17**

- O incumprimento do respecto aos dereitos do alumnado por calquera membro da comunidade escolar poderá ser denunciado ante o Consello Escolar.
- Con independencia do anterior, a denuncia poderá ser formulada ante a Administración Educativa competente, a súa resolución poderá ser recorrida segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo.

## **Sección 2ª Deberes do alumnado**

### **Artigo 1**

O estudo constitúe o deber básico do alumnado. Este deber esténdese ás seguintes obrigas:

1. Asistir á clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudos.
2. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
3. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto.
4. Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.

### **Artigo 2**

Constitúe un deber do alumnado o respecto ás normas de convivencia dentro do centro. Este deber concretarase nas seguintes obrigas:

1. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
2. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ensinanzas que curse ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
3. Respectar o carácter propio do centro e o seu proxecto educativo de acordo á lexislación vixente.
4. Coidar e utilizar correctamente os bens móbiles, as instalacións do centro e as ferramentas destinadas á súa aprendizaxe responsabilizándose do seu bo estado e limpeza.
5. Respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

6. Usar as papeleiras tanto interiores como exteriores e manter libre de lixo os locais e zonas de traballo e recreo.
7. Utilizar de forma correcta os espazos do centro aténdose en todo momento ás normas que os regulen.
8. Aterse ás normas establecidas polos organizadores das actividades extraescolares e mostrar bo comportamento nas mesmas.
9. Participar na vida e funcionamento do centro.

### **Sección 3ª      Delegado/a de curso e xunta de delegados/as**

#### **Artigo 1**

O proceso de elección de delegado ou delegada farase en función dos intereses do centro. O prazo para a elección será o mes de outubro. Ata que esta se produza, a titoría nomeará, no caso de que sexa necesario para algunha reunión, un alumno ou alumna que represente o curso para ese caso.

#### **Artigo 2**

Cada grupo de alumnado elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable o delegado/a de grupo, que formará parte da xunta de delegados e delegadas. Elixirase tamén un subdelegado/a, que substituirá o delegado/a en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións

- A elección de delegado/a e subdelegado/a en cada grupo realizarase entre as candidaturas presentadas. No caso de non haber candidaturas, realizarase unha votación considerando candidatos/as a todos os membros do grupo. De ser necesario, realizaranse sucesivas votacións descartando as candidaturas votadas, ata que unha deles acade a maioría absoluta.
- As eleccións de delegados/as e subdelegados/as, así como a do delegado/a que presidirá a xunta de delegados e delegadas, serán convocadas pola xefatura de estudos, e organizadas por esta en colaboración coas titorías dos grupos e os representantes do alumnado no Consello Escolar.
- A designación dos delegados e delegadas, subdelegados/as e delegado/a presidente da xunta de delegados e delegadas poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido á titoría, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

#### **Artigo 3**

O delegado ou delegada, subdelegado ou subdelegada poderá ser cesado do seu cargo pola dirección por acumulación de tres faltas ás normas de convivencia no centro, ou incumprimento das súas funcións. Nese caso será o subdelegado/a quen asumirá o cargo. No caso de ocorrer o mesmo co subdelegado, convocaranse eleccións no prazo de 15 días.

#### **Artigo 4**

O delegado ou delegada poderá dimitir dos seus cargos mediante un escrito, no que se expoñan as causas e razóns que orixinan a súa dimisión, dirixido a dirección

A dirección, despois de consultar coa titoría do grupo e coa xefatura de estudos, poderá admitir ou non a dimisión. No caso de admitila deberán ser convocadas eleccións no prazo de 15 días.

## **Artigo 5**

Corresponde ás delegacións de grupo:

- Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións
- Expoñer ao profesorado, titoría, xefatura de estudos e dirección as suxestións e reclamacións do grupo o que representan.
- Fomentar a convivencia entre o alumnado do seu grupo.
- Colaborar co profesorado e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
- Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto e en especial da aula asignada ao grupo, comunicando ao equipo directivo ou titoría os desperfectos que se produzan e, se é o caso, os responsables deles.
- Avisar en Dirección da falta de profesor ou profesor de garda.

## **Artigo 6**

Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros do alumnado, nos termos da normativa vixente.

## **Artigo 7**

Constituirase unha xunta de delegados e delegadas integrada polos representantes do alumnado dos distintos grupos e polos representantes do Consello Escolar.

## **Artigo 8**

A xunta de delegados e delegadas estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

## **Artigo 9**

É competencia do delegado que preside a xunta:

1. Convocar as reunións que se precisen.
2. Presidir as reunións e coordinar as mesmas
3. Responsabilizarse de que se levante acta das reunións
4. Facer chegar as propostas da xunta de delegados aos distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

## **Artigo 10**

A xunta de delegados e delegadas poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os delegados e delegadas dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no instituto, logo do coñecemento do director ou directora ou membro do equipo directivo presente neses momentos, e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes. Para isto procurárase que estas reunións coincidan, polo menos en parte, co recreo ou outras horas de descanso. Cando o carácter urxente dos asuntos a tratar así o requira poderá reunirse a xunta de delegados coincidindo con actividades lectivas.



Sempre que se realice unha reunión da xunta de delegados débese solicitar á xefatura de estudos ou membro do equipo directivo presente nese momento, un local para a celebración de dita reunión, no caso de que non dispoñan dun xa específico.

## **Artigo 11**

A xunta de delegados terá as seguintes funcións:

1. Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto por iniciativa propia ou por petición daquel.
2. Informar aos representantes do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
3. Recibir información dos representantes do alumnado no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
4. Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
5. Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
6. Informar ao alumnado do centro das actividades da xunta de delegados.
7. Formular propostas á xefatura de estudos para a elaboración dos horarios e ás xefaturas de departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
8. Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus representantes nel.

## **Artigo 12**

Cando o solicite, a xunta de delegados, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a:

- Celebración de probas e exames.
- Establecemento e desenvolvemento de actividades culturais e deportivas no instituto.
- Presentación de alegacións de reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
- Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
- Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ao alumnado.

## **Artigo 13**

Sempre que se realice unha reunión da xunta de delegados débese solicitar á xefatura de estudos ou membro do equipo directivo presente nese momento, un local para a celebración de dita reunión, no caso de que non dispoñan dun xa específico. A xunta de delegados reunirse preferentemente no salón de actos do

instituto, e de non ser posible, a xefatura de estudos asignará outro espazo. Asemade o centro proporcionarlle os medios materiais necesarios para o seu correcto funcionamento.

## **Sección 4ª Normas do centro**

### **Artigo 1 Normas referidas ao estudo**

O estudo constitúe o deber básico do alumnado. Este deber desenvólvese nas seguintes obrigas:

- Asistir á clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudos.
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto.
- Respectar o exercicio do dereito o estudo dos seus compañeiros.

### **Artigo 2 Normas de convivencia**

Constitúe un deber do alumnado o respecto as normas de convivencia dentro do centro. Este deber concretarase nas seguintes obrigas:

- Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ensinanzas que curse ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Respectar o carácter propio do centro e o seu proxecto educativo de acordo a lexislación vixente.
- Coidar e utilizar correctamente os bens mobles, as instalacións do centro e as ferramentas destinadas á súa aprendizaxe responsabilizándose do seu bo estado e limpeza.
- Respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- Usar as papeleiras tanto interiores como exteriores e manter libre de lixo os locais e zonas de traballo e recreo.
- Utilizar de forma correcta os espazos do centro aténdose en todo momento ás normas que os regulen.
- Aterse ás normas establecidas polos organizadores das actividades extraescolares e mostrar bo comportamento nas mesmas.
- Asistir a todos os períodos lectivos, agás causas xustificadas.
- Todas as faltas serán xustificadas documentalmente ante o titor ou titora, no prazo máximo de sete días desde a incorporación do alumno ás clases.
- As familias recibirán información inmediata das faltas de asistencia dos alumnos e alumnas.

- Cando se trate de alumnos da ESO, a existencia de seis horas de faltas sen xustificar determina a obrigatoriedade da familia de entrevistarse co titor/titora . A familia deberá explicar e mesmo documentar a ausencia.
- O alumnado da ESO está obrigado a permanecer no recinto escolar durante todo o período lectivo, non podendo abandonalo baixo ningún concepto, agás cando se trate de actividades organizadas desde o centro ou sexa a propia familia quen o solicite, en casos extraordinarios e debidamente xustificadas.

### **Artigo 3 Normas referidas ás dependencias do centro**

Dentro dos edificios é preciso respectar as normas correspondentes ó funcionamento de cada un dos espazos:

- Os corredores e escaleiras son zonas de paso , non se pode permanecer neles nin empregalos como lugar de xogo ou lecer, polo que non se pode correr por eles, dar berros ou manter calquera outro comportamento desaxeitado.
- Durante os períodos de lecer, non se pode permanecer nas aulas, agás cando estean acompañados por un profesor, quen asumirá a responsabilidade das actividades que se leven a cabo.
- Ante a ausencia de un profesor deberán permanecer na aula, sen saír ós corredores, ata que chegue o profesor de garda correspondente que asumirá a responsabilidade do grupo e dará as indicacións que sexan pertinentes.
- Durante os períodos lectivos, os alumnos de E.S.O. non poderán permanecer no patio, na cafetería nin no contorno do centro do centro escolar.
- Os alumnos teñen terminantemente prohibido acceder aos departamentos e/ou seminarios nin á sala de profesores, sen a compañía dun profesor responsable.
- Os alumnos e o profesor de última hora da mañá teñen a obriga de apagar as luces e pechar as fiestras.
- Os alumnos colocaranse ó principio de curso por orde alfabética salvo que algún teña algunha discapacidade que aconselle unha ubicación diferente, ou que o profesor prefira outra colocación na súa hora de clase, voltando á súa colocación orixinal ao remate da clase.

### **Artigo 4 Normas referidas á conservación e limpeza do centro.**

Non está permitido comer fóra da cafetería ou fóra dos patios onde se manterán tódolos espazos limpos, non botando ao chan papeis, botes de aluminio ou vidro que serán depositados nos contedores correspondentes. Será unha falta grave botar lixo ao chan ou en calquera sitio que non sexa as papeleiras.

### **Artigo 5 Normas referidas á conservación e orde das aulas.**

Os alumnos teñen a obriga de manter as aulas no estado e orde no que as recibiron ao principio do curso. Para elo levantarase por parte dos titores xunto cos alumnos un acta do estado no que se atopa a clase, sendo responsables estes de calquera deterioro que se produza, asumindo individualmente ou en grupo os gastos de reparación. Durante todo o curso deben manterse as cadeira e mesas en orde, no caso de que algún profesor considerase necesario cambiar a orde na súa clase, terá que volvelas ao seu lugar orixinal antes de que remate a clase.

## **Artigo 6 Normas referidas a comportamentos agresivos verbais e/ou físicos.**

A relación e a convivencia no centro deberá axustarse ás normas de convivencia pacíficas e democráticas e estarán rexidas polo respecto e a tolerancia.

Calquera agresión física e/ ou verbal, falta de respecto entre os iguais ou referidas ó profesorado será tratada na aula de convivencia e procederase de acordo con este documento.

## **Artigo 7 Normas referidas ao uso de ordenadores e das redes LAN ou Wifi:**

Os ordenadores e as redes LAN ou WIFI do Instituto teñen unha finalidade exclusivamente educativa. Está, por tanto, totalmente prohibido facer uso dos ordenadores do centro sen a presenza dun profesor encargado, sendo considerada unha falta grave visionar, descargar ou subir á rede contidos sexistas, xenófobos, violentos ou calquera outro contido inadecuado para o seu uso educativo.

## **Artigo 8 Normas referidas ao uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos.**

Dentro do recinto escolar está prohibido o uso e exhibición de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos. O incumprimento desta norma considerarase unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro

## **Sección 5ª FALTAS, SANCIÓN E GARANTÍAS PROCEDIMENTAIS**

### **Artigo 1 Garantías**

As correccións que se apliquen terán un carácter educativo e recuperador, garantíndose o respecto e os dereitos do resto do alumnado e procurando a mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa. Nas correccións terase en conta:

- Os incumprimentos das normas de convivencia valoraranse considerando as situacións persoais de cada alumno ou alumna.
- Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito a educación nin, no caso da ESO, do seu dereito á escolarización
- Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- As correccións serán proporcionais á conduta do alumno ou alumna e deberá contribuír á mellora do proceso educativo.
- Terase en conta a idade do alumno ou alumna no momento de decidir a súa incoación ou sobresemento como a efectos de graduar a aplicación de sancións cando proceda.
- Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno ou alumna antes de resolver o procedemento corrector.

### **Artigo 2 Responsabilidades**

Os alumnos e alumnas que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións do centro ou no seu material, quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación Igualmente os alumnos e alumnas que subtraian bens do centro deberán restituír o subtraído En todo caso os pais e nais ou representantes legais dos alumnos e alumnas serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

### **Artigo 3 Gradación**

A efectos de gradación das correccións:

- Consideraranse circunstancias paliativas:
  1. O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
  2. A falta de intencionalidade.
- Consideraranse circunstancias acentuantes:
  3. A premeditación e a reiteración
  4. Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade e aos recién incorporados ao centro.

### **Artigo 4 Alcance**

Poderán corrixirse, de acordo o disposto neste Regulamento, os actos contrarios ás normas de convivencia no centro, realizadas por alumnos ou alumnas no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares. Igualmente poderán corrixirse as actuacións do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

### **Artigo 5 Condutas contrarias ás normas de convivencia**

Son condutas contrarias ás normas de convivencia no centro:

- As reiteradas faltas inxustificadas de puntualidade.
- As faltas inxustificadas de asistencia á clase.
- O abandono inxustificado do centro en horas lectivas.
- O consumo dentro do centro, de alcohol, tabaco ou calquera outra substancia prohibida pola lexislación vixente.
- Molestar con ruídos, gritos, carreiras, charlas, inadecuado comportamento ou outras manifestacións que perturben o desenvolvemento da actividade docente incluíndo as extraescolares e complementarias.
- A utilización de calquera tipo de aparatos electrónicos de reprodución de son e imaxe ou de telecomunicacións
- A realización de pintadas en paredes ou mobiliario, así como tirar ao chan papeis o desperdicios.
- O deterioro non grave do material e instalacións de forma intencionada ou por negligencia.
- A práctica de calquera xogo de azar.
- O deterioro ou a substracción de pertenzas do centro ou de calquera membro da comunidade educativa.

- Calquera outra conduta que atente contra comportamentos cívicos.

## **Artigo 6 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

1. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
2. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia no centro.
3. A agresión grave, física ou moral, contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave por calquera das razóns enumeradas no deste Regulamento.
4. A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou apropiación de documentos académicos.
5. Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, materiais ou documentos do centro ou os bens dos outros membros da comunidade educativa.
6. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluíndo as actividades complementarias e extraescolares.
7. As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou incitación as mesmas.
8. O incumprimento das sancións impostas.

## **Artigo 7 Sancións ás condutas contrarias ás normas de convivencia no centro**

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro poderán ser corrixidas cubrindo un parte vermello por parte do profesor e enviando ao alumno ou alumna á aula de convivencia. Alí o profesor de garda, escoitará ó alumno, que cubrirá a súa versión dos feitos e logo dunha breve reflexión fará unha proposta de solución do problema.

As acumulacións de condutas contrarias ás normas de convivencia no centro (tres ou máis), ou a especial gravidade dalgunha delas, poderán ser corrixidas con:

- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións ou material do centro e as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- Cambio de grupo do alumno ou alumna.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases e permanencia na Aula de Convivencia por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen, estando permanentemente atendido polos profesores de garda de Convivencia, para evitar a interrupción no proceso formativo.

- Suspensión do dereito de asistencia a todas as clases e permanencia na Aula de Convivencia por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen, estando permanentemente atendido polos profesores de garda de Convivencia para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Apertura de expediente cando a gravidade dos feitos así o requira.

## **Artigo 8 Competencias**

Serán competentes para analizar as faltas e propoñer sancións previstas no artigo anterior:

1. O equipo de profesores de Convivencia, coa participación do titor ou titora e/ou o Profesorado realizou o parte vermello, oído o alumno ou alumna nas súa reflexión escrita , tendo en conta todas as circunstancias fará unha proposta de sanción se é o caso ó Xefe de Estudos, de acordo coa normativa que figura no Plan de Convivencia do Centro
2. A xefatura de estudos e a dirección, oído o informe do Equipo de Convivencia procederá a executar a sanción proposta si considera que é axeitada.
3. O titor / titora terá a obriga de comunicalo á familia e coordinar os traballos que nas diferentes materias deba realizar o alumno durante o tempo que dure a sanción.

## **Artigo 9 Reclamacións**

O alumno ou alumna, ou os seus pais, nais ou representantes legais, poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas, ante o Director do centro ou ante o Delegado Provincial, a resolución deste poñerá fin á vía administrativa.

## **Artigo 10 Apertura de expediente**

Cando unha conduta se considere especialmente grave, deberá abrirse un expediente segundo o procedemento establecido na Lei de Dereitos e Deberes do alumno.

1. A instrución do expediente levarase a cabo por un profesor ou profesora do centro designado pola dirección. Dita incoación comunicarase aos pais, titores ou representantes legais do alumno ou alumna.
2. O alumno ou alumna e, no seu caso, os pais, titores ou representantes legais poderán recusar o instrutor/a ante a dirección cando da súa conduta ou manifestacións poida inferirse falta de obxectividade na instrución do expediente.
3. Excepcionalmente, en calquera momento da instrución, a dirección, por iniciativa propia ou por proposta do instrutor/a, poderá adoptar medidas provisionais que poden consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades por un período que non será superior a cinco días. Estas medidas serán comunicadas o Consello Escolar.
4. A instrución do expediente deberá acordarse nun prazo non superior a dez días, dende que se tivo coñecemento dos feitos.

5. Instruído o expediente darase audiencia ao alumno ou alumna e, se é menor de idade, ademais os seus pais, titores ou representantes legais, comunicándolles en todo caso as condutas que se lle imputan e as medidas de corrección que se propoñen. O prazo de instrución do expediente non deberá exceder de sete días.
6. Comunicarase ao servizo de inspección educativa o inicio do procedemento e manterase informado da tramitación ata a súa resolución
7. A resolución do procedemento deberá producirse no prazo máximo dun mes dende a data do seu inicio e contra a resolución da dirección poderá interpoñerse recurso de alzada segundo a Lei de Procedemento Administrativo.

### **Artigo 11 Sancións ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro poderán corrixirse con:

- Realización de tarefas que contribúan a reparación dos danos causados, se procede, ou a mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período superior a cinco días e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna debera realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión do dereito de asistencia o centro por un período superior a cinco días e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

### **Artigo 12 Prescripción**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data de comisión. As correccións impostas como consecuencia destas prescribirán á finalización do curso escolar.

### **Sección 6ª Faltas de asistencia á clase.**

#### **Artigo 1**

O absentismo escolar de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua.

#### **Artigo 2**

No ensino secundario a asistencia á clase é obrigatoria, polo tanto, as faltas deben ser xustificadas.

No caso Bacharelato deberán xustificarse as faltas de asistencia documentándoas se é o caso, ou con comunicación responsable dos pais /nais. Para isto poderase empregar :



- Modelo oficial do centro que figura na axenda escolar a tal efecto , asinado polo pai, nai ou representante legal do alumno ou alumna no caso de minoría de idade deste
- Documento asinado e selado pola persoa ou entidade correspondente (médico, organismo oficial ou privado,...).

No caso de non achegar xustificación documental acompañando o modelo de xustificante da axenda, será o titor/a o encargado de aceptar ou non a xustificación da falta. En todo caso, a aceptación deste tipo de xustificación sempre será de forma extraordinaria.

### **Artigo 3**

O profesor ou profesora debe garantir a posibilidade de recuperación cando o número de faltas teña unha repercusión negativa que impida o normal progreso do alumno ou alumna. A forma de recuperación e os sistemas extraordinarios de avaliación deben estar establecidos no proxecto curricular da materia.

No Bacharelato un alumno ou alumna poderá ser sometido aos sistemas extraordinarios de avaliación previstos no proxecto curricular dunha materia, por non poder aplicarse os criterios xerais de avaliación ou a avaliación continua, cando as faltas inxustificadas de asistencia superen o 10 % do total das horas asignadas á materia á que faltou. Este cómputo terase en conta por curso.

Cando o alumno ou alumna estea acadando o límite de faltas para unha materia (6% do número de horas) será advertido con apercibimento escrito do titor, (do que se conservará copia), da posible perda do dereito á avaliación continua de incorrer en máis faltas sen xustificar. Este apercibimento enviarase ós pais no caso de alumnos e alumnas menores de idade. O titor deberá controlar o nº de faltas e comunicará ao profesor da materia na que o alumno pode perder o dereito a avaliación continua.

No caso de sobrepasar o límite establecido para unha materia o titor enviara un segundo apercibimento indicando que o número de faltas fai imposible a aplicación da avaliación continua nas materias que se indican polo que o alumno ou alumna será cualificado seguindo o método extraordinario previsto na programación para estes casos.

### **Artigo 4**

Nos ciclos formativos a asistencia á clase é obrigatoria xa que a superación dun módulo implica ter recibido as horas de formación teórico-práctica e o alumno ou alumna ten dereito a que se lle certifiquen oficialmente.

Por conseguinte, non se poderá superar ningún módulo profesional na avaliación ordinaria cando o número de faltas de asistencia nese módulo supere o máximo do 10% das horas totais de formación de dito módulo. Cando así sexa, o alumno ou alumna deberá realizar as actividades de recuperación do módulo, previstas no proxecto curricular do ciclo, e conseguir as capacidades terminais necesarias para a cualificación positiva. Esta porcentaxe poderá ser inferior se así se establece no proxecto curricular do ciclo formativo, e o alumnado ten o dereito de coñecela.

### **Artigo 5**

Cando o alumno ou alumna alcance o límite de faltas para unha materia ou módulo de ciclos formativo, ou estea próximo a alcanzalo, será advertido con apercibimento escrito do titor, (do que se conservará copia), da posible perda do dereito á avaliación continua de incorrer en máis faltas sen xustificar. Este apercibimento enviarase aos pais no caso de alumnos e alumnas menores de idade. O titor tamén avisará o profesor da materia na que o alumno pode perder o dereito á avaliación continua.

No caso de sobrepasar o límite establecido para unha materia ou módulo de ciclo formativo o titor enviará un segundo apercibimento indicando que o número de faltas fai imposible a aplicación da avaliación continua nas materias que se indican polo que o alumno ou alumna será cualificado seguindo o método extraordinario previsto na programación para estes casos.

### **Artigo 6**

Considéranse faltas colectivas cando se ausente un 80% do alumnado dunha clase, o cal será considerado como unha falta grave para os alumnos e alumnas ausentes inxustificadamente, entendéndose tamén por isto que non hai razóns de carácter xeral que xustifiquen a ausencia.

Cando sexa coñecida a ausencia dun profesor ou profesora e o curso non asista ao centro, esta falta será estudada pola xefatura de estudos, o titor/a e o profesor/a de garda.

Cando tendo asistido ao centro o curso se ausente sen facer caso ao profesor ou profesora de garda, considerarase como un acto de indisciplina.

### **Artigo 7**

Cando o alumnado alegue razóns de carácter xeral para non asistir á clase (convocatoria de folga ou outras) estas deben ser comunicadas cando menos ao equipo directivo a través da Xunta de Delegados e Delegadas.

### **Artigo 8**

Ningún membro da comunidade educativa ou alleo a ela poderá alterar o normal desenvolvemento das actividades docentes para facilitar información o alumnado. Utilizarase sempre a Xunta de Delegados e Delegadas para estas funcións, sendo o delegado ou delegada de curso o encargado de transmitir a información o alumnado do grupo.

O delegado ou delegada do grupo entregará á xefatura de estudos, ou ao membro do equipo directivo presente neses momentos, unha listaxe do alumnado do seu grupo que se ausentará das actividades lectivas.

### **Artigo 9**

En ningún caso o alumnado menor de idade poderá abandonar o centro.

## **Sección 7ª ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares. Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan; así cabe considerar os traballos de campo, conmemoracións e outras semellantes, sendo a participación nas mesmas obrigatoria. Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria; por exemplo-as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Este departamento estará integrado polo xefe ou xefa do mesmo e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma. O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares será o vicedirector ou vicedirectora nos centros onde exista este cargo; en caso contrario, desempeñará estas funcións un profesor ou profesora,

preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora por proposta do xefe ou xefa de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica.

A participación do alumnado nas actividades extraescolares requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender os alumnos que non participen nelas. Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de non discriminación e ausencia de lucro. Non obstante o anterior, o instituto poderá recibir aportacións de distintas institucións ou asociacións para a realización delas. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial. Estas actividades son propostas polos distintos departamentos do centro nas súas programacións e logo serán aprobadas polo Consello Escolar.

No noso centro vén sendo habitual que se realicen bastantes actividades extraescolares e complementarias tales como participación en programas do concello, celebración de xornadas culturais, intercambios con alumnos/as doutros países, semana branca, viaxe de estudos, etc. Tanto unhas como outras supoñen, sen dúbida, un enriquecemento na formación dos nosos alumnos. É por iso que debería intentarse que estas actividades se leven a cabo do mellor modo posible: organizándose con tempo, cunha adecuada secuenciación, resultando interesantes e motivadoras e, ao mesmo tempo, interferindo o menos posible na actividade diaria realizada dentro do instituto. Por esta razón, acordouse en cursos pasados na CCP e no claustro que deberían coordinarse de forma que non haxa un exceso de actividades que afecte a un grupo determinado e procurando, ademais, non facelas coincidir con períodos de exames, especialmente na terceira avaliación. As actuacións e propostas feitas desde o Departamento irán neste sentido, pero do que non cabe dúbida é de que para conseguir estes obxectivos necesítase a colaboración de todos.

## **Artigo 1    NORMAS XERAIS**

1. As actividades complementarias e extraescolares programadas van dirixidas a todos os alumnos/as do instituto, nos seus distintos niveis, ESO, PCPI, PDC, Bacharelato e Ciclos.
2. Os alumnos e pais recibirán con tempo suficiente a información dos profesores/as que organizan a actividade acerca do destino, duración da mesma e obxectivos que se perseguen. Os pais recibirán dita información a través da ficha de autorización que aparece na axenda escolar.
3. A realización das actividades, e en especial as que teñan lugar fóra do Centro, comunicaranse a Vicedirección, previa notificación á Xefatura de Estudos, polo menos con dúas semanas de antelación. A Vicedirección facilitará a súa realización a condición de que sexan viables as datas, horarios, orzamentos e unha vez confirmadas polas institucións responsables. O profesor/a encargado cumprimentará a ficha de saída e recollerá as autorizacións asinadas polas familias. Dous días antes da súa realización quedarán pechadas, estando abonadas polos alumnos e tendo o profesor/a organizador a lista final dos alumnos autorizados e non autorizados para informar diso á Vicedirección e ao resto de profesores/as. En caso de incumprimento desta norma pode suspenderse a actividade.
4. Todas as actividades deben estar na programación dos departamentos ou da vicedirección ou aprobadas polo Consello Escolar antes de realizarse.
5. Ningún alumno poderá facer unha saída sen a previa autorización.
6. Como norma xeral acompañará os alumnos un profesor/a por cada 20 alumnos ou fracción naquelas saídas de máis dun día de duración. No caso alumnos con necesidades educativas especiais haberá un profesor/a por cada 15 alumnos ou fracción. Procurarase que en cada

saída vaian como mínimo dous profesores/as. Se o medio de transporte utilizado é o autobús irán como mínimo dous profesores/as.

7. Os alumnos costearán unha parte do importe da actividade e o transporte, aínda que ningún alumno deixará de participar nunha actividade obrigatoria por motivos económicos, pois nese caso o centro asumiría o gasto.
8. A porcentaxe mínima para que se realice unha actividade nun grupo é do 75%, salvo actividades que afecten a só unha parte do grupo nas materias optativas.
9. Se un grupo non realiza unha actividade programada sería conveniente deixar constancia por escrito do motivo que deu lugar á suspensión da actividade. Se o motivo fose o non alcanzar a porcentaxe mínima e este feito produciuse nalgunha outra ocasión poderíase aplicar un tratamento especial ao grupo se o profesor/a responsable da actividade, Xefatura de Estudos e a Vicedirección consideráseno oportuno.
10. Por acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Claustro, co fin de permitir o normal desenvolvemento das programacións de cada unha das materias do currículo, o máximo de actividades no curso académico para cada grupo será, como norma xeral, para aquelas cunha duración superior a un día unha, e nas dun só día será de tres. Se as actividades para algún grupo superasen este número a CCP decidirá sobre a conveniencia de realizalas.
11. Procurarase que non se acumulen as actividades no terceiro trimestre e, salvo casos xustificadas, non se realizarán saídas durante o mes de xuño. No caso de segundo de Bacharelato, evítanse especialmente as saídas no terceiro trimestre.
12. Evítase programar actividades extraescolares nas datas previstas para exames.
13. Así mesmo intentarase a non acumulación de actividades nun día. Para iso poñerase na sala de profesores/as un calendario mensual das actividades programadas.
14. A actividade lectiva anterior e posterior á actividade complementaria ou extraescolar desenvolveranse con total normalidade.
15. Os alumnos non participantes nunha actividade extraescolar deben acudir ao instituto e serán atendidos polos profesores/as correspondentes ou polos profesores/as de garda. Haberá unha lista de devanditos alumnos.
16. Os profesores/as acompañantes elixiranse preferentemente entre os que dean clase ao grupo e teñan menor carga lectiva ese día, e deberán deixar traballo para esas horas.

## **Artigo 2    NORMAS ESPECÍFICAS PARA ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO**

1. Respetaranse todas as normas de convivencia e do regulamento de réxime interno..
2. Respetaranse as leis do país o que se viaxe.
3. Cumpriranse todas as instrucións do profesorado encargado, das empresas de transporte, dos establecementos hoteleiros e dos lugares visitados.
4. Respetaranse co máximo coidado todas instalacións e bens públicos ou privados. Calquera desperfecto ocasionado será responsabilidade do alumnado causante que asumirá integramente o custo da reparación.

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO / PLAN DE CONVIVENCIA**

---

5. Respetaranse escrupulosamente os horarios fixados para cada actividade. A falta de puntualidade será considerada unha falta gravemente prexudicial cando impida a realización dunha actividade programada.
6. O lugar de aloxamento e un lugar de descanso polo que se respectarán os horarios fixados polo profesorado encargado no que respecta ó silencio e comportamento axeitado. Calquera chamada de atención por parte do profesorado ou dos responsables do establecemento conllevará as medidas disciplinarias oportunas.
7. Está absolutamente prohibido o transporte ou consumo de alcol, tabaco ou calquera outra substancia estupefaciente ou ilegal. O infrinximento desta norma será considerada unha conduta gravemente prexudicial.
8. Está prohibida a automedicación sen autorización médica.
9. O comportamento xeral durante a actividade deberá ser de respecto e interese, e deberá estar acorde coa formulación educativa no que están enmarcadas as actividades extraescolares. Neste sentido serán consideradas condutas gravemente prexudiciais as actitudes violentas, racistas ou sexistas.

No caso das condutas gravemente prexudiciais ou do incumprimento reiterado das normas sinaladas o profesorado encargado porao en coñecemento da dirección do centro quen tomará as medidas oportunas, debendo a familia asumir os gastos ocasionados pola viaxe de retorno no caso que así se estime.

## TÍTULO II. ÓRGANOS EDUCATIVOS ENCARGADOS DE DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA

### **Sección 1ª TITORÍA**

O titor ou titora é a persoa que está máis preto do alumno en todos os aspectos non só os académicos.

Cada titor, con cada grupo de alumnos, disporá dun espazo e dun material, do cal se fan responsables. O titor comprobará ao inicio do curso o bo estado de todos os elementos e materiais da aula-grupo, e organizará segundo criterios cooperativos a adecuación da mesma, que fagan do espazo un lugar propio, estimulando así o seu coidado e hixiene.

Todos os titores deberán dispoñer dunha hora semanal coincidente co resto dos titores do seu nivel e/ou etapa a fin de coordinar actuacións e desenvolver de xeito común as actividades do Plan de Acción tutorial.

### **Artigo 1 FUNCIONS DO TITOR**

- O titor ou titora é a persoa que deberá individualizar todas e cada unha das medidas tanto de convivencia como as de rendemento académico dos alumnos.
- Dará a coñecer a todos os seus titorandos este plan de convivencia.
- Fará un seguimento dos problemas, procurará a axuda precisa para desenvolver programas de mellora e consignará os progresos.
- Estará en contacto directo coas familias e co resto dos profesores que desenvolven a súa actuación có mesmo grupo.
- Cando un alumno ou alumna sexa apercibido ou proposto para sanción polo equipo de convivencia, será o encargado de comunicarllo ás familias e constatar que esa información foi recibida.
- No caso de sanción, será o encargado de coordinar as accións educativas e académicas do alumno, mentres estea privado da asistencia á clase, solicitando dos profesores das demais materias, as actividades que deba realizar o alumno durante a súa ausencia.
- Deberá estar atento ás necesidades, motivacións, intereses e obxectivos do alumnado.
- Deberá axudar ao alumnado para que estableza obxectivos persoais.
- Facilitará a toma de decisións con autonomía e responsabilidade persoal.
- Asumirá o rol de guía persoal do alumno.
- Poderá tomar titorandos ou titorandas especiais se fose preciso e estivese de acordo.
- Organizará actividades preventivas de acordo co equipo de profesores da aula de convivencia.
- Avaliará a efectividade das distintas medidas e actuacións.

## **Artigo 2 TITOR PERSOAL**

O Xefe de estudos, coa axuda do orientador/a, poderá asignar un titor persoal a un alumno ( diferente do que titoriza ao resto do seu grupo ) que polas súas características ou en función de situacións extraordinarias así o requira, sempre que o profesor o acepte voluntariamente e asuma o labor de axudar e o alumno estea de acordo.

## **Artigo 3 TITOR ESPECIAL**

O xefe de estudos, coa axuda da Orientadora, poderá asignar un titor especial ( diferente do que titoriza ao resto da súa aula ) a un grupo de alumnos que polas súas características ou en función de situacións extraordinarias así o requira, sempre que o profesor o acepte voluntariamente e asuma o labor de axudar e o grupo de alumnos estea de acordo.

## **Sección 2ª AULA DE CONVIVENCIA**

### **Artigo 1 OBXECTIVOS**

- Deberá ser o eixo vertebrador da convivencia no centro.
- Manter un clima de convivencia positivo en todos os espazos escolares ( aulas, corredores, biblioteca, ximnasio, cafetería, patio.. etc )
- Xeneralizar o coñecemento das normas de funcionamento e convivencia do centro e establecer mecanismos de control das mesmas.
- Crear espazos novos para aprender a resolver os conflitos desde unha perspectiva educativa e pacífica, reflexiva e dialogada.
- Fomentar a participación dos alumnos no proceso educativo, de xeito activo e sentíndose autores da súa propia historia, se ben sen abandonar principios solidarios e de respecto en relación con iguais, con profesores e co contorno, os espazos e os materiais.

### **Artigo 2 FUNCÍONS**

Cumprirá unha tripla función:

- Atender ao alumnado que por problemas conductuais non poida permanecer na aula.
- Derivar os casos atendidos a outras instancias do centro
- Facer de termómetro da conflictividade, xa que por ela pasarán todos os conflitos e poderanse estudar, tanto desde a perspectiva cualitativa como cuantitativa.

### **Artigo 3 FUNCIONAMENTO XERAL.**

- Haberá un profesor ou profesora que coordinará todos os traballos da aula de convivencia.
- Todos os profesores da aula de convivencia serán convocados polo coordinador ou coordinadora a unha reunión que se celebrará unha vez cada mes, en condicións de normalidade, en situación extraordinarias poderá reunirse tantas veces como sexa preciso, a xuízo de calquera dos membros.
- Estará aberta todas as horas lectivas semanais , atendida polo profesorado que elixa realizar esta función nalgunha das súas gardas.

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO / PLAN DE CONVIVENCIA**

- Cando un alumno ou alumna sexa expulsado da súa clase, irá trasladado á aula de convivencia portando un parte de incidencias que cubrirá o profesor co cal se deu a expulsión.
- O profesor de garda, logo de ler o parte de incidencias, pedirá ao alumno que escriba un parte de explicación do acontecido ( ficha de reflexión )
- O profesor de garda manterá unha entrevista co alumno/a expulsado, e tratará de que retorne á aula, logo de asinar un compromiso.
- No caso de non chegar a situación de acordo que permita que o alumno/a expulsado poida volver á súa aula, será enviado a xefatura de estudos, que decidirá se debe ir a ATI e por canto tempo.
- Todas as fichas empregadas no proceso quedarán arquivadas nunha carpeta persoal por alumno.
- O profesor da aula rexistrará os pormenores do proceso no ordenador da aula de convivencia.
- O profesorado que atende a aula, informa aos titores/as e profesores/as implicados no caso do resultado da entrevista e a solución adoptada nunha ficha informativa que se lle entregará persoalmente ós implicados
- Esta información será trasladada tamén ás reunións dos equipos de convivencia.

### **Sección 3ª ORIENTACIÓN**

Trasladaranse alí os casos que se consideren susceptibles de intervención psicopedagóxica.

Esta poderá ser:

#### **Artigo 1 Obradoiros paliativos-preventivos**

1. Por exemplo, habilidades sociais, relaxación, técnicas de estudo, que se desenvolverán dentro do horario escolar.
2. Programa Individualizado de Modificación de Conduta

A cambio de gozar do estímulo (que será estudado en cada caso e sempre de carácter escolar) deberá comprometerse a manter unha conduta axeitada e un nivel de traballo aceptable. Para iso daráselle un talonario con 5 cheques. Estes serán empregados para “ pagar” cada vez que sufra unha amoestación ou teña que asistir á aula de convivencia ou á ATI. Cando venza o prazo e non teña “ gastados “ os cheques disfrutará do estímulo e recibirá unha comunicación á familia do seu correcto comportamento.

#### **Artigo 2 Orientación académico-laboral.**

#### **Artigo 3 Programas específicos de atención á diversidade**

1. Agrupamentos específicos ou P.C.I.P: dirixidos a alumnado con traxectoria escolar caracterizada por:
  - Desmotivación escolar



- Ter repetido curso e non mellorar o rendemento.
- Non respectar as normas de convivencia do centro.
- Absentismo escolar con risco de abandono.

Tamén son funcións do orientador/orientadora coordinar as titorías en todos os aspectos do P.A.T, coordinar as titorías persoais , e especiais.

- Coordinación do profesorado que participe na aula de convivencia.
- Coordinación do profesorado participantes da A.T.I

### **Sección 4ª ENCONTROS FAMILIA-ESCOLA**

Desenvolverase un Plan de Formación e Colaboración coas familias que será coordinado polo Departamento de Orientación.

Realizarase unha enquisa de intereses a fin de desenvolver unha xornadas de formación e información de aspectos de carácter educativo relacionado cos seus fillos e fillas, e terá un lugar especial o coñecemento de este plan de convivencia

Solicitarase das familias a colaboración oportuna para desenvolveo correctamente.

### **Sección 5ª AULA DE TRABAJO INDIVIDUALIZADO**

Este aula ( ATI ), será un espazo onde o profesorado de garda atenderá ás persoas que coas seguintes características :

- Alumnos alumnas derivadas desde Xefatura de estudos por teren pasado varias veces pola aula de convivencia.
- Alumnos e alumnas expulsados de algunha materia ou varias, durante horas ou xornadas, ou sancionados por algunha razón das anteriormente expostas.

## **FUNCIONAMENTO**

É un lugar de traballo polo que se require un ambiente axeitado.

É preciso que o alumnado expulsado traballe na aula, para iso requírese que os profesores dos alumnos afectados entreguen as actividades que deban ser realizadas, tendo en conta que o proceso educativo do alumno non debe ser paralizado e que a súa ausencia da aula non debe supoñer unha perda de aprendizaxes escolares.

O número de persoas atendidas nela non será maior de seis, xa que se perdería o sentido da expulsión e reforzaríase a conduta negativa.

### **Sección 6ª XEFATURA DE ESTUDOS**

O xefe ou xefa de estudos coordina toda unha gama de intervencións co alumnado e coas familias tendentes a lograr no Instituto un clima de ensino-aprendizaxe axeitado.

### **Sección 7ª COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

Son os responsables da coordinación de todas as medidas descritas neste documento.

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO / PLAN DE CONVIVENCIA**

---

Estará formado por:

- Tutores da aula de Convivencia ou profesorado voluntario para atendelo, que contabilizarán esta hora dentro do seu horario
- Orientador/a
- Xefe/a de estudos
- Director/a

Deberán reunirse semanalmente a fin de facer un seguimento dos conflitos tratados na Aula de convivencia, a resolución dos problemas e as reincidencias.

Deberán propoñer actividades preventivas que serán presentadas polo grupo de traballo ós tutores e titoras.

Levarán a cabo as funcións de avaliación de todos casos e actividades do grupo.